

LISTA DE ASISTENTES

Manuel García Sánchez (Coordinador)

Cristina López Bravo (Secretaría)

Rebeca P. Díaz Redondo

José Ramón Fernández Bernárdez

Mónica Fernández Barciela

Alberto Gil Solla

Roberto López Valcarce

M^a Soledad Torres Guijarro

EXCUSAN ASISTENCIA

Martín Llamas Nistal

Acta da sesión ordinaria da Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC da Universidade de Vigo, **de doce de abril de dous mil dezanove**, reunida ás 12:00h, na Sala A010 (acristalada) da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

O venres, día 12 de abril de 2019, ás 12:00h, da comezo a sesión ordinaria de Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC, cos asistentes que figuran á marxe, sendo presidida polo catedrático D. Manuel García Sánchez, e actuando como secretaria a profesora Dna. Cristina López Bravo.

A orde do día contén os seguintes puntos:

1. Informe do coordinador.
2. Aprobación, se procede, de actas anteriores.
3. Aprobación, se procede, da proposta de tribunal e a admisión a trámite da Tese de Simón Oya Díez, e outros trámites relacionados.
4. Aprobación, se procede, da proposta de tribunal e a admisión a trámite da Tese de Sheila Lucero Sánchez López, e outros trámites relacionados.
5. Asuntos de trámite.
6. Rogos e preguntas.

Punto 1. Informe do coordinador.

O coordinador informa sobre a acreditación do título e sobre a convocatoria das bolsas de mobilidade.

Acreditación do título

Conforme a normativa vixente o PD DocTIC debería superar o proceso de renovación da acreditación do título antes de setembro de 2019. Tendo en conta a planificación de ACSUG, isto non vai a ser posible, polo que a universidade solicitará unha moratoria de dous anos. Esta é a situación da maior parte dos programas de doutoramento da Universidade de Vigo.

ACSUG lanzará este ano un primeiro programa piloto para á acreditación de programas de doutoramento, no que participará DocTIC. Está previsto que a primeira fase documental remate en xuño, e a segunda fase (visita o centro) se celebre en outubro.

Durante as próximas semanas levarase a cabo a recollida e verificación de datos, a análise dos mesmos e a elaboración de auto-informe para a acreditación.

Modificación da convocatoria de bolsas de mobilidade

Está previsto que a convocatoria de bolsas de mobilidade dos programas de doutoramento cambie incluíndo como requisito para poder solicitar unha axuda ter presentado unha solicitude previa ás bolsas de mobilidade da Universidade de Vigo.

Punto 2. Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Non habendo alegacións, apróbanse por asentimento as actas das sesións do 7 de marzo de 2019 e do 15 de marzo de 2019.

Punto 3. Aprobación, se procede, a proposta de tribunal e a admisión a trámite da Tese de Simón Oya Díez, e outros trámites relacionados.

Apróbase a derradeira versión do Plan de Investigación do alumno Simón Oya Díez.

Apróbase recoñecer as seguintes actividades formativas do alumno:

- Estadía na institución “Ecole Polytechnique Federale de Lausanne (EPFL)”

Apróbase a avaliación anual do alumno correspondente ao curso 2018/19.

Compróbase o cumprimento dos requisitos establecidos na memoria do programa para a defensa da tese de doutoramento. Ten aprobadas as avaliacións anuais dende o curso 2015/16 ate o actual. Tamén ten realizadas as actividades formativas obrigatorias:

Actividade Obrigatoria	Evidencias do documento de actividades
1. Defensa do Plan de Investigación.	Ten defendido o Plan de Investigación dende o curso 2014/15, tal e como figura baixo o epígrafe “Outros méritos de investigación”.
2. Preparación dunha comunicación científica internacional.	Ten un artigo publicado nunha revista científica internacional segundo figura no epígrafe “Artigos en revistas internacionais”
3. Envío de artigos a congresos científicos”	Ten feito unha comunicación segundo figura no epígrafe “Comunicacións en congresos internacionais”

Apróbase a admisión a trámite da Tese de Simón Oya Díez, titulada “*A Statistical Approach to the Design of Privacy-Preserving Services*” dirixida polos profesores Fernando Pérez González y Carmela Troncoso.

O alumno Simón Oya Díez ten feito unha estancia en *Ecole Polytechnique Federale de Lausanne (EPFL)*, durante tres meses, autorizada e avaliada positivamente nesta mesma sesión da CAPD. Ademais a Tese está redactada en inglés, e presenta dous informes favorables redactados por dous expertos de institucións estranxeiras, polo que se admite que a Tese opte a **mención internacional**.

Apróbase a proposta de tribunal formado por:

	Apelidos e Nome	Universidade ou Institución	Proposta
1	Catuscia Palamidessi	l’institut national de recherche dédié aux sciences du numérique (INRIA), France	Presidente/a
2	Pedro Comesaña Alfaro	Universidade de Vigo	Secretario/a
3	Steven J. Murdoch	University College London	Vocal
4	Rebeca Díaz Redondo	Universidade de Vigo	Suplente
5	Jordi Forné Muñoz	Universitat Politècnica de Catalunya	Suplente
6	Amir Houmansadr	University of Massachusetts Amherst (US)	Suplente

Punto 4. Aprobación, se procede, a proposta de tribunal e a admisión a trámite da Tese de Sheila Lucero Sánchez López, e outros trámites relacionados.

A derradeira versión do Plan de Investigación da alumna Sheila Lucero Sánchez López xa estaba aprobado.

Apróbase recoñecer as seguintes actividades formativas:

- Curso de doutoramento: Taller de autores/as: como publicar traballos científico-técnicos
- Artigo en revista internacional: Sheila Lucero Sánchez López, Rebeca P. Díaz Redondo, Ana Fernández Vilas, “Predicting students’ grade based”, Social & Content Interactions. Enviado.
- Comunicacións en congresos internacionais:
 - Will I pass the course? Performance analysis based on time series. XIII Congreso Internacional sobre Innovación y Desarrollo Tecnológico CIINDET 2016. C. González Nespereira, S. L. Sánchez López, R.P. Díaz Redondo, A. Fernández Vilas.
 - Is interpersonal participation relevant to pass? International Conference Technological Ecosystems for Enhancing Multiculturality TEEM 16. Sheila Lucero Sánchez López, Rebeca P. Díaz Redondo, Ana Fernández Vilas.

Apróbase a avaliación anual da alumna correspondente ao curso 2018/19.

Compróbase o cumprimento dos requisitos establecidos na memoria do programa para a defensa da tese de doutoramento. Ten aprobadas as avaliacións anuais dende o curso 2015/16 ate o actual. Tamén ten realizadas as actividades formativas obrigatorias:

Actividade Obrigatoria	Evidencias do documento de actividades
1. Defensa do Plan de Investigación.	Ten defendido o Plan de Investigación dende o curso 2015/16, tal e como figura baixo o epígrafe “Outros méritos de investigación”.
2. Preparación dunha comunicación científica internacional.	Ten un artigo enviado a nunha revista científica internacional segundo figura no epígrafe “Artigos en revistas internacionais”.
3. Envío de artigos a congresos científicos”	Ten feito dúas comunicacións segundo figura no epígrafe “Comunicacións en congresos internacionais”

Apróbase a admisión a trámite da Tese de Sheila Lucero Sánchez López, titulada “Aplicación de técnicas de Learning Analytics en entornos blended-learning para enseñanza universitaria” dirixida polas profesoras Rebeca Pilar Díaz Redondo e Ana Fernández Vilas.

Apróbase a proposta de tribunal formado por:

	Apelidos e Nome	Universidade ou Institución	Proposta
1	Andrés Marín López	Universidad Carlos III de Madrid	Presidente/a
2	Cristina López Bravo	Universidade de Vigo	Secretario/a
3	Manuela I. Martín Vicente	Gradiant (Centro Tecnológico de Telecomunicaciones de Galicia)	Vocal

4	Daniel Díaz Sánchez	Universidad Carlos III de Madrid	Suplente
5	Manuel Caeiro Rodríguez	Universidade de Vigo	Suplente
6	María Martínez Pérez	Universidade da Coruña	Suplente

Punto 5. Asuntos de trámite.

Apróbanse a solicitude de dedicación a tempo parcial de:

- Saber Mihri con data efectiva do 1/10/2019.

Apróbase a baixa temporal de:

- Zurisaddai de la Cruz Severiche Maury dende o 14/05/2019 ata o 15/09/2019 (prorrogação da baixa actual).
- Isabel Expósito Pérez dende o 11 de abril de 2019 ata o 3 de outubro de 2019.

Apróbase a autorización para a realización dunha estadía en centro de investigación estranxeiro do alumno Mateo Ramos Merino, coas seguintes características:

- Estadía de investigación na Universidade de Minho do 29 de abril de 2019 ata o 30 de xuño de 2019 (2 meses e tres días).

A CAPD non atopa obxeccións a tramitación da baixa administrativa dos alumnos:

- Miguel Fernandes Caiña
- Abel Fernández Nandín
- Jorge Madariaga Chirinos

Punto 6. Rogos e preguntas.

Non hai

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

A Secretaria

O Presidente

Cristina López Bravo

Manuel García Sánchez